



## Facultade de Educación e Traballo Social

### Presentación da Facultade

A Facultade de Educación é a escola de escolas: unha institución pública ao servizo de todas as persoas interesadas na mellora continua da educación e dos servizos sociais. Trátase dun centro universitario que se asenta sobre a historia dos centros de formación de mestres/as, educadores/as sociais e traballadores/as sociais, pero tamén sobre a historia do ensino e dos servizos sociais.

É unha facultade, polo tanto, que tenta incorporar todos os medios técnicos posibles, pero sen renunciar a un pasado que se constrúe sobre o esforzo colectivo dos profesionais e da cidadanía.

Os cambios respecto ao presente son considerables. Pero hai algo que unha facultade de educación debe contribuír a que se manteña: o espírito solidario dos veciños/as e a percepción da escola como propia, como asunto da comunidade.

Agardo que as persoas que elixen esta facultade para realizar os seus estudos teñan esa mentalidade de pertenza a un grupo que constrúe o futuro colectivo da educación e dos servizos sociais.

A oferta educativa para o próximo curso no Centro é:

#### Catro títulos de Grao:

- GRADO EN EDUCACIÓN INFANTIL
- GRADO EN EDUCACIÓN PRIMARIA
- GRADO EN EDUCACIÓN SOCIAL
- GRAO EN TRABALLO SOCIAL

#### Catro títulos de Máster:

- Master en Dificultades de Aprendizaxe e procesos cognitivos
- Master en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos
- Master en Investigación Psicosocioeducativa con Adolescentes en Contextos Escolares
- Master en Profesorado de Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino dos Idiomas (especialidades de Orientación, Xeografía, Historia, Humanidades, Matemáticas e Tecnoloxía) Por outra banda, durante os últimos anos, a Facultade de Empresariais e Turismo, potenciou, de forma considerable a participación dos estudantes en programas de mobilidade.

Para obter máis información visita a nosa páxina web

<http://webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php>

### Equipo Decanal

O Equipo Decanal está composta polos seguintes membros:

#### Decana:

D<sup>a</sup> María del Mar García Señorán

#### Vicedecanos/as:

D. Ramón Ángel Fernández Sobrino

D<sup>a</sup> María del Carmen Ricoy

D. Xosé Manuel Cid Fernández

D.<sup>a</sup> María del Pino Díaz Pereira

**Secretario:**

D. Antonio González Fernández

---

## Localización



### LOCALIZACIÓN DA FACULDADE.

**Dirección postal:**

Facultade de Ciencias da Educación

R/. Doctor Temes, s/n 32004 Ourense

A Facultade de Ciencias da Educación atópase no denominado Edificio Facultades ou Edificio de Ferro, contando ademais con outros espazos docentes situados nos pavillóns 1 e 2.

**Directorio telefónico:**

Conserxería: 988 387 101

Secretaría alumnado Graos : 988-387-168, 98- 387-194, 988-36-890

Secretaría alumnado Mestrados: 988 368 893

Decanato: 988-387-159

**Correo electrónico:**

Secretaría alumnado: secexbo@uvigo.es

Secretaría Decanato: sdexbo@uvigo.es

---

## Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Ciencias Sociais. Xeografía e Historia

---

### Materias

#### Curso 1

| Código        | Nome  | Cuadrimestre | Cr.totais |
|---------------|---|--------------|-----------|
| 002M066V04101 | Orientación e Función Titorial                                  | 1c           | 3.5       |
| 002M066V04102 | Desenvolvemento Psicolóxico da Aprendizaxe no Ensino Secundario | 1c           | 4.5       |
| 002M066V04103 | Deseño Curricular e Organización de Centros Educativos          | 1c           | 4.5       |
| 002M066V04104 | Sistema Educativo e Educación en Valores                        | 1c           | 3.5       |

|               |  |    |    |
|---------------|--|----|----|
| O02M066V04217 | Ciencias Sociais na Educación Secundaria I                                     | 1c | 3  |
| O02M066V04218 | Ciencias Sociais na Educación Secundaria II                                    | 1c | 5  |
| O02M066V04219 | Aprendizaxe e Ensinanza de Historia e Historia da Arte na Educación Secundaria | 2c | 6  |
| O02M066V04220 | Xeografía na Educación Secundaria  | 2c | 6  |
| O02M066V04221 | Innovación e Investigación nas Ciencias Sociais                                | 1c | 6  |
| O02M066V04301 | Prácticas Externas   | 2c | 12 |
| O02M066V04401 | Traballo Fin de Máster   | 2c | 6  |

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Orientación e Función Titorial**

|                    |   |          |       |              |
|--------------------|---|----------|-------|--------------|
| Materia            | Orientación e Función Titorial  |          |       |              |
| Código             | O02M066V04101   |          |       |              |
| Titulación         | Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Ciencias Sociais. Xeografía e Historia  |          |       |              |
| Descritores        | Creditos ECTS   | Carácter | Curso | Cuadrimestre |
|                    | 3.5   | OB       | 1     | 1c           |
| Lingua impartición | Castelán Galego   |          |       |              |
| Departamento       | Psicoloxía evolutiva e comunicación   |          |       |              |
| Coordinador/a      | Diéguez Ruibal, José Luis   |          |       |              |
| Profesorado        | Diéguez Ruibal, José Luis   |          |       |              |
| Correo-e           | ruibal@uvigo.es   |          |       |              |
| Web                | http://   |          |       |              |
| Descrición xeral   | O principal papel desta materia no Máster de profesorado de secundaria é axudar a comprender, a través da información, a actividade e a reflexión, o concepto, sentido e funcións da orientación e tutoría nos centros docentes nos que se imparte a etapa de educación secundaria. |          |       |              |

**Competencias**

|        |   |
|--------|---|
| Código |   |
| CG1    | Coñecer os contidos curriculares das materias relativas á especialización docente correspondente.   |
| CG4    | Buscar, obter, procesar e comunicar información (oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia), transformala en coñecemento e aplicala aos procesos de ensino e aprendizaxe nas materias propias da especialización cursada.   |
| CG6    | Deseñar e desenvolver metodoloxías didácticas tanto grupais como personalizadas, adaptadas á diversidade dos estudantes.  |
| CG7    | Deseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe, con especial atención á equidade, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, a formación cidadá e o respecto aos dereitos humanos que faciliten a vida en sociedade, a toma de decisións e a construción dun futuro sustentable.   |
| CG9    | Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e dominar destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar a aprendizaxe e a convivencia na aula e abordar problemas de disciplina e resolución de conflitos  |
| CG11   | Desenvolver as funcións de tutoría e orientación dos estudantes de maneira colexiada.   |
| CG13   | Coñecer a normativa e organización institucional do sistema educativo e modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros de ensino   |
| CG18   | Aplicar os coñecementos adquiridos e a capacidade de resolución de problemas a contornas educativas novas ou pouco coñecidos.   |
| CE3    | Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais.  |
| CE4    | Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes.  |
| CE7    | Coñecer e aplicar recursos e estratexias de información, tutoría e orientación académica e profesional.   |
| CE10   | Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade. |
| CE12   | Adquirir habilidades sociais na relación e orientación familiar.  |
| CE25   | Analizar críticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade.  |
| CT1    | Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.  |
| CT2    | Xestionar de forma óptima o tempo de traballo e organizar os recursos dispoñibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións.   |
| CT3    | Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarias  |

| <b>Resultados de aprendizaxe</b>  |                                  |
|---|----------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe   | Competencias                     |
| Valorar a importancia da orientación e da tutoría no ensino en secundaria.  | CG1<br>CG13<br>CE7<br>CE10       |
| Sensibilizar ó profesorado da necesidade de participar activamente na orientación e tutoría sistemática dos seus alumnos/as.                                    | CG11<br>CE25<br>CT3              |
| Coñecer as principais referencias legislativas relacionadas coa orientación e a tutoría.  | CG4<br>CG13<br>CT1<br>CT2        |
| Comprender a organización e a estrutura do Plan de Acción Titorial para un centro de enseñanza.   | CG1<br>CG6<br>CG11               |
| Delimitar as funcións, tarefas, contidos e destinatarios da intervención titorial.  | CG11<br>CG18                     |
| Coñecer algunhas técnicas e instrumentos de traballo a empregar na realización da labor titorial.   | CG6<br>CE7<br>CE12               |
| Informar e asesorar ás familias respecto do proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos así como a orientación persoal, académica e profesional que precisen. | CE10<br>CE12<br>CT3              |
| Dispoñer de habilidades sociais e ser capaz de aplicar estratexias para a resolución de conflitos.  | CG18<br>CE3                      |
| Ser capaz de abordar e resolver problemas de disciplina na aula.  | CG7<br>CG9<br>CG18               |
| Ser quen de promover e manter a comunicación coa familia e o entorno.   | CE10<br>CE12                     |
| Ser capaz de diseñar e aplicar programas de atención ó alumnado e á diversidade, así como de apoio ás familias.   | CG7<br>CE4<br>CE10<br>CT1<br>CT2 |

## Contidos

| Tema  |  |
|---|--|
| 1. Bases conceptuais do ámbito disciplinar.   | 1.1. Conceptos e principios da Orientación.<br>1.2. A función titorial: concepto e contidos.   |
| 2. Bases legislativas da orientación e función titorial.  | 2.1. Das leis orgánicas ao decreto 120/1998 e orde da Consellería de Educación que o desenvolve.<br>2.2. Outras disposicións relacionadas coa Orientación e a tutoría: regulamentos orgánicos dos centros, currículo, avaliación psicopedagóxica e atención á diversidade. |
| 3. Diagnóstico, prevención e intervención nas dificultades de aprendizaxe e da atención á diversidade.    | 3.1. Funcións do diagnóstico na educación secundaria: preventiva e correctiva.<br>3.2. Diagnóstico e atención á diversidade.<br>3.3. O diagnóstico nas dificultades de aprendizaxe.  |
| 4. Programas e estratexias de intervención para a atención á diversidade.                                 | 4.1. Programas de intervención na atención á diversidade.<br>4.1. Principais estratexias.  |
| 5. Medidas de atención á diversidade e adaptacións curriculares.  | 5.1. Medidas de atención á diversidade.<br>5.2. As adaptacións do currículo.   |
| 6. Deseño e desenvolvemento do Plan de Acción Titorial. Estratexias e técnicas de orientación na tutoría. | 6.1. Concepto de plan de acción titorial (PAT) para a educación secundaria.<br>6.2. Deseño, execución e avaliación dun PAT na educación secundaria.<br>6.3. A actividade orientadora do profesorado titor: estratexias e técnicas.   |
| 7. A participación das familias en centros e a súa orientación.   | 7.1. A relación familias-profesorado titor.<br>7.2. As familias na toma de decisións nos centros de secundaria.<br>7.3. A orientación ás familias dende a tutoría e o departamento de orientación dos centros.   |

## Planificación

|                         | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|-------------------------|---------------|--------------------|--------------|
| Lección maxistral       | 12            | 24                 | 36           |
| Resolución de problemas | 4             | 30                 | 34           |

|                            |   |      |      |
|----------------------------|---|------|------|
| Traballo tutelado          | 1 | 13.5 | 14.5 |
| Actividades introductorias | 1 | 0    | 1    |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

|                            | Descrición                  |
|----------------------------|-----------------------------|
| Lección maxistral          | Aportacións teóricas.       |
| Resolución de problemas    | Realización de exercicios.  |
| Traballo tutelado          | Traballos materia.          |
| Actividades introductorias | Actividades introductorias. |

### Atención personalizada

| Metodoloxías            | Descrición  |
|-------------------------|---|
| Resolución de problemas | Axuda personalizada para enfocar correctamente os problemas ou exercicios propostos. Pode prestarse na clase ou fora dela en horario de tutorías do profesorado. De forma individualizada ou atendendo ao equipo que a solicite.  |
| Traballo tutelado       | A atención préstase ao alumnado para acordar o tema ou problema dun traballo sobre a tutoría en secundaria, facilitarlle un enfoque, unha bibliografía e unha posible estrutura para o mesmo. Asemade esta axuda mantense ao longo do traballo de forma que sirva de apoio e acompañamento do alumnado e garante un bo remate do mesmo. |

### Avaliación

|                         | Descrición  | Cualificación | Competencias Avaliadas   |
|-------------------------|---|---------------|--|
| Resolución de problemas | Proba na que o alumno debe solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo/condicións establecido/as polo profesor e expolo na clase. Desta maneira, o alumno debe aplicar os coñecementos que adquiriu.   | 40            | CG1<br>CE25<br>CT1<br>CG4<br>CT2<br>CG7<br>CG11<br>CG13<br>CG18              |
| Traballo tutelado       | O estudante elabora coa axuda do profesor/a un traballo do cal presenta o resultado. Para facelo requírese recompilar información e mobilizar competencias adquiridas. Valórase a presentación, estrutura, calidade do contido, orixinalidade, innovación, actualización documental e entrega no prazo establecido. | 40            | CG1<br>CE3<br>CT1<br>CG4<br>CE7<br>CT2<br>CG6<br>CE10<br>CT3<br>CG11<br>CE12 |

### Outros comentarios sobre a Avaliación

-Para acadar unha avaliación continua positiva, dada a modalidade de ensino presencial do Master, esíxese a todo o alumnado unha asistencia presencial dun mínimo do 80% das sesións (admisible a falta do 20% das horas) ademais da realización e entrega de tarefas ponderables.

- Os prazos de entrega das actividades, traballos, etc. serán comunicados o primeiro día de clase coa presentación do programa da materia. É necesario respetalos estrictamente para ser cualificados na avaliación continua.

- O alumnado que non obteña unha avaliación continua positiva sobre os parámetros expostos anteriormente, poderá presentarse a unha proba escrita (data marcada no calendario do mestrado para exames oficiais) sobre todos os contidos traballados. Esta proba estará baseada na rigurosidade e profundización dos coñecementos e competencias acadadas polos alumnos/as na materia e terá una ponderación de 10 puntos (100% de la nota final). Esta proba terá dúas partes: parte A e parte B correspondentes á docencia impartida por cada unha das dúas profesoras. A cada unha desas partes corresponderalle un 60% á parte A e un 40% á parte B; debendo obter un 25% en cada unha delas para aprobar a materia.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

ÁLVAREZ GONZÁLEZ, B., **Orientación familiar: intervención familiar en el ámbito de la diversidad**, 1, Sanz Torres, 2012

ÁLVAREZ, M. e BISQUERRA, R., **Orientación educativa: áreas, estrategias y recursos.**, 1, Wolters Kluwer España., 2012

MARTÍN, E. y MAURI, T., **Orientación educativa. Atención a la diversidad y educación inclusiva**, 1, Graó, 2011

MONGE, C., **Tutoría y orientación educativa. Nuevas competencias 1** Wolters Kluwer España 2009 Libro, 1, Wolters Kluwer España., 2009

SOBRADO, L., FERNÁNDEZ, E. e RODICIO, M. L. (coords.), **Orientación Educativa. Nuevas tendencias 1 Biblioteca Nueva**, 1, Biblioteca Nueva, 2012

---

### **Bibliografía Complementaria**

ÁLVAREZ, M. e BISQUERRA, R. (Coords.), **Manual de Orientación y Tutoría**, 1, Praxis, 1998

LÓPEZ, N. e SOLÁ MARTÍNEZ, T., **Orientación escolar y tutoría**, 1, Grupo Editorial Universitario, 2005

LOZANO, J. CEREZO, M.C., ALCARAZ, S., **Plan de atención a la diversidad**, 1, Alianza Editorial, 2015

MARTÍN, E. e ONRUBIA, J., **Orientación y tutoría. Procesos de innovación y mejora de la enseñanza**, 1, Graó, 2011

MARTÍNEZ, M. de C.; ÁLVAREZ, B. e FERNÁNDEZ, A.P., **Orientación Familiar: Contextos, evolución e intervención**, 1, Sanz Torres, 2009

**Revista Española de Orientación y Psicopedagogía,**

**Revista de Investigación Educativa RIE,**

**Revista de Educación,**

**Revista Galego-Portuguesa de Psicología e Educación,**

**CNICE- MEC, recursos para a Educación Secundaria Obrigatoria,**

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que continúan o temario**

Investigación e Innovación na Educación Secundaria/O02M066V02205

Prácticas Externas/O02M066V02301

---

#### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Deseño Curricular e Organización de Centros Educativos/O02M066V02103

Sistema Educativo e Educación en Valores/O02M066V02104

Tecnoloxía e Informática para o Profesorado de Educación Secundaria/O02M066V02208

---

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

A Ciencia e a súa Metodoloxía para Profesorado de Educación Secundaria/O02M066V02201

Organización da Aula-Obradoiro de Tecnoloxía/O02M066V02212

---

### **Plan de Continxencias**

#### **Descrición**

No caso de que se teña que recorrer a desenvolver a docencia, na modalidade mixta ou non presencial, fomentárase igual a participación de todo o alumnado durante as diferentes sesións, facilitarase o traballo autónomo por parte do alumnado e a comunicación co mesmo a través de diferentes aplicacións informáticas: faitic, videollamadas, correo electrónico,... e a comunicación vía telefónica e por whatsapp.

No caso de que non se poida realizar o exame de forma presencial ou o desenvolvemento do mesmo non permita ao profesor que sexa o mesmo para todo o grupo, dado que se ten que desenvolver en diferentes días. Poderase cambiar a proba escrita de forma presencial pola modalidade online ou darlle máis peso tanto á avaliación continua e aos traballos de aula. Estes cambios serán tratados durante o desenvolvemento das clases e publicados en faitic.

---

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Desenvolvemento Psicológico da Aprendizaxe no Ensino Secundario**

|                    |  |          |       |              |
|--------------------|--|----------|-------|--------------|
| Materia            | Desenvolvemento Psicológico da Aprendizaxe no Ensino Secundario  |          |       |              |
| Código             | O02M066V04102  |          |       |              |
| Titulación         | Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Ciencias Sociais. Xeografía e Historia   |          |       |              |
| Descritores        | Creditos ECTS  | Carácter | Curso | Cuadrimestre |
|                    | 4.5  | OB       | 1     | 1c           |
| Lingua impartición | Castelán Galego  |          |       |              |
| Departamento       | Psicoloxía evolutiva e comunicación  |          |       |              |
| Coordinador/a      | Conde Rodríguez, María Ángeles   |          |       |              |
| Profesorado        | Conde Rodríguez, María Ángeles<br>García Señorán, María del Mar  |          |       |              |
| Correo-e           | angelesconde@uvigo.es  |          |       |              |
| Web                |  |          |       |              |
| Descrición xeral   | A presente materia ten un carácter básico e común para tódalas especialidades do posgrao de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Sitúase no primeiro cuatrimestre do primeiro curso e facilita a comprensión das claves do desenvolvemento humano e os cambios que teñen lugar nos procesos físicos e psicológicos (cognición, linguaxe, personalidade, etc.) ó longo do período da adolescencia. Estes coñecementos son fundamentais na formación de docentes da etapa secundaria xa que representan unha ferramenta indispensable para poder contribuír ó desenvolvemento dos adolescentes a través dunha axeitada planificación dos seus procesos de aprendizaxe |          |       |              |

**Competencias**

|        |   |  |  |  |
|--------|---|--|--|--|
| Código |   |  |  |  |
| CG3    | Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias dos respectivos ensinados, atendendo ao nivel e formación previa dos estudantes, así como á orientación dos mesmos, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro. |  |  |  |
| CG7    | Deseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe, con especial atención á equidade, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, a formación cidadá e o respecto aos dereitos humanos que faciliten a vida en sociedade, a toma de decisións e a construción dun futuro sustentable.   |  |  |  |
| CG8    | Adquirir estratexias para estimular o esforzo do estudante e promover a súa capacidade para aprender por se mesmo e con outros e desenvolver habilidades de pensamento e de decisión que faciliten a autonomía, a confianza e iniciativas persoais.   |  |  |  |
| CG9    | Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e dominar destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar a aprendizaxe e a convivencia na aula e abordar problemas de disciplina e resolución de conflitos  |  |  |  |
| CE1    | Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións.   |  |  |  |
| CE2    | Comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e as posibles disfuncións que afectan a aprendizaxe.  |  |  |  |
| CE3    | Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais.  |  |  |  |
| CE4    | Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes.  |  |  |  |
| CE5    | Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e no centro, abordar e resolver posibles problemas.   |  |  |  |
| CE9    | Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia.   |  |  |  |
| CT3    | Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarias  |  |  |  |

**Resultados de aprendizaxe**



| Resultados de aprendizaxe  | Competencias   |
|--|--|
| Coñecer e comprender os procesos de desenvolvemento adolescente e deseñar estratexias educativas e psicosociais para a súa promoción.  | CG3<br>CG7<br>CG8<br>CG9<br>CE1<br>CE2<br>CE3<br>CT3 |
| Comprender os procesos de interacción educativa na aula e os procesos cognitivos, metacognitivos e afectivo-motivacionais que subxacen á aprendizaxe, e planificar e aplicar estratexias para a súa promoción. | CG3<br>CG8<br>CG9<br>CE2<br>CE5<br>CT3               |
| Deseñar propostas de actuación educativa para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, acordos coa organización do centro docente.   | CG3<br>CG7<br>CG8<br>CG9<br>CE4<br>CE5<br>CE9<br>CT3 |

### Contidos

| Tema  |   |
|---|---|
| 1. FUNDAMENTOS DO COMPORTAMENTO HUMANO, DESENVOLVEMENTO E EDUCACIÓN | 1.1. Conceptos de desenvolvemento, factores, teorías  |
| 2. PSICOLOXÍA EVOLUTIVA   | 2.1. Cambios corporais e desenvolvemento na adolescencia.<br>2.2. Desenvolvemento cognitivo na adolescencia.<br>2.3. Desenvolvemento afectivo-social na adolescencia  |
| 3. PSICOLOXÍA DA EDUCACIÓN  | 3.1. Enfoques conductuais da aprendizaxe na Educación Secundaria.<br>3.2. Enfoques cognitivos e socio-culturais da aprendizaxe na Educación Secundaria.<br>3.3. Factores Intrapersoais da Aprendizaxe: procesos e estratexias de aprendizaxe, motivación educativa, autoconcepto e procesos metacognitivos.<br>3.4. Factores Interpersoais da Aprendizaxe: a interacción alumno-alumno e a interactividade profesor-alumnos |
| 4. DIFICULTADES DE APRENDIZAXE E INTERVENCIÓN PSICOEDUCATIVA        | 4.1. Descrición, avaliación e intervención.   |

### Planificación

|                               | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|-------------------------------|---------------|--------------------|--------------|
| Lección maxistral             | 8.5           | 0                  | 8.5          |
| Traballo tutelado             | 12            | 82                 | 94           |
| Exame de preguntas obxectivas | 2             | 8                  | 10           |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

|                   | Descrición   |
|-------------------|--|
| Lección maxistral | Exposición por parte das profesoras dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante |
| Traballo tutelado | Resolución de actividades, estudo de casos, elaboración de documentos sobre a temática da materia, tanto de xeito individual como grupal, baixo a dirección das docentes             |

### Atención personalizada

| Metodoloxías      | Descrición   |
|-------------------|--|
| Traballo tutelado | Proporcionaranse directrices para o desenvolvemento dos traballos de aula, resolveranse dúbidas e discutiranse as iniciativas expostas polo alumnado durante a realización de actividades. |

### Avaliación

| Descrición | Cualificación | Competencias Avaliadas |
|------------|---------------|------------------------|
|------------|---------------|------------------------|

|                               |   |    |                          |  |     |
|-------------------------------|---|----|--------------------------|--|-----|
| Traballo tutelado             | Actividades e prácticas a resolver na clase | 70 | CG3<br>CG7<br>CG9        | CE1<br>CE2<br>CE3<br>CE4<br>CE5<br>CE9 | CT3 |
| Exame de preguntas obxectivas | Preguntas sobre os contidos do temario      | 30 | CG3<br>CG7<br>CG8<br>CG9 | CE1<br>CE2<br>CE5                      |     |

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Este mestrado ten a modalidade de ensino presencial, polo tanto a asistencia a clase e a realización dos traballos de aula son obrigatorios para a avaliación continua. Esta asistencia debe ser, a lo menos do 80%; estando admitido faltar ó 20 % da presencialidade.

Para superar a materia será preciso que os estudantes obteñan tanto na proba tipo test como nos traballos de aula como mínimo un 50% da cualificación nese apartado.

O alumnado que non poida seguir a avaliación continua realizará unha proba dos contidos da materia, na data marcada no calendario do mestrado para os exames oficiais. Esta proba suporá o 100% da nota final. Os pormenores e características de dita proba serán concretadas polo profesorado o día da presentación da materia ou cando se faga a consulta persoalmente.

Aqueles estudantes que non superen as probas ou actividades obxecto de avaliación poderán recuperalas na convocatoria de xullo.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

Coll, C. (Coord.), **Desarrollo, aprendizaje y enseñanza en la Educación Secundaria**, Graó, 2010

Coll, C., Palacios, J. y Marchesi, A. (Comps), **Desarrollo psicológico y educación, 2. Psicología de la Educación**, Alianza, 2001

García-Madruga, J.A. y Delval, J., **Psicología del Desarrollo I**, 1ª, UNED, 2010

González-Pienda, J.A., González, R., Núñez, J.C. y Valle, A., **Manual de Psicología de la Educación**, Pirámide, 2002

Martín, C. y Navarro, J.I. (Coords.), **Psicología para el profesorado de Educación Secundaria y Bachillerato**, Pirámide, 2011

Palacios, J., Marchesi, A. y Coll, C. (Comps.), **Desarrollo psicológico y educación: Vol. I. Psicología Evolutiva**, Alianza, 1999

Santrock, J.W., **Psicología del desarrollo**, McGraw-Hill., 2006

Santrock, J.W., **Psicología de la Educación**, McGraw-Hill, 2006

Shaffer, D.R. y Kipp, K., **Psicología del Desarrollo. Infancia y Adolescencia**, 7ª, CENGAGE Learning, 2007

#### Bibliografía Complementaria

### Recomendacións

### Plan de Continxencias

#### Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Metodoloxías docentes que se manteñen:

Para o curso 2021-2022, as metodoloxías docentes serán as mesmas nos tres escenarios. A única adaptación que cabe resaltar, é a relativa ao seu modo de execución. No posible escenario de ensinanza mixta ou semipresencial, as

metodoloxías se levarían a cabo de modo presencial e virtual. Por outra banda, no escenario de ensinanza a distancia, as metodoloxías previstas se adaptarían a una modalidade de execución virtual.

Metodoloxías docentes que se modifican:

Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto, como se di no apartado anterior, a súa modalidade de execución, presencial e virtual (no caso dun escenario mixto); e exclusivamente virtual (no caso dun escenario a distancia).

Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

No potencial escenario de docencia semipresencial, as sesións de titorización poderán realizarse presencialmente e/ou no despacho virtual dos docentes, baixo a modalidade de concertación previa e no horario que se estableza. No caso dun escenario docente na modalidade a distancia, a titorización realizarase unicamente polos medios telemáticos mencionados.

Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non hai modificacións nos contidos a impartir.

Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia.

Outras modificacións

Ferramentas para a docencia virtual. No escenario de docencia semipresencial, ademais da docencia presencial nas aulas, a actividade docente virtual impartirase mediante Campus Integra e preverase asemade o uso da plataforma de teledocencia MooVi como reforzo, e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.

No escenario de docencia a distancia, a actividade docente realizarase exclusivamente de modo virtual.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Non hai cambios nin nos instrumentos nin nos criterios de avaliación establecidos na guía docente ordinaria.

Probas pendentes que se manteñen

Todas as probas propostas na guía docente para as vindeiras convocatorias, mantéñense en calquera das tres modalidades de ensinanza previstas: presencial, mixta e a distancia, para o curso 2021-22. Os criterios de avaliación, así como a súa ponderación sobre a nota final, se manteñen, tanto para o alumnado asistente, coma para o non asistente. Os procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación, tampouco se modifican no seu contido, pero sí no seu modo de execución, no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos. Así, no caso de estar nunha situación de ensinanza mixta ou semipresencial, as probas de avaliación poderán ser organizadas de modo presencial, dependendo das instalacións e medios dispoñibles. Se non fose posible facelas presencialmente, combinaríase a modalidade presencial coa virtual, ou realizaríanse exclusivamente de forma virtual.

Se a situación é de ensinanza a distancia, todas as probas de avaliación realizaranse de modo virtual.

Probas que se modifican

Para o curso 2021-2022, non hai modificacións nas probas de avaliación, agás no referido á modalidade de avaliación: presencial ou virtual, dependendo do escenario sanitario no que se leve a cabo a docencia.

Novas probas

Non se prevén novas probas de avaliación.

Información adicional

Non hai

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Diseño Curricular e Organización de Centros Educativos**

|                    |  |          |       |              |
|--------------------|--|----------|-------|--------------|
| Materia            | Deseño Curricular e Organización de Centros Educativos   |          |       |              |
| Código             | O02M066V04103  |          |       |              |
| Titulación         | Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Ciencias Sociais. Xeografía e Historia   |          |       |              |
| Descritores        | Creditos ECTS  | Carácter | Curso | Cuadrimestre |
|                    | 4.5  | OB       | 1     | 1c           |
| Lingua impartición | Galego   |          |       |              |
| Departamento       | Didáctica, organización escolar e métodos de investigación   |          |       |              |
| Coordinador/a      | Doval Ruiz, María Isabel   |          |       |              |
| Profesorado        | Doval Ruiz, María Isabel<br>Sarmiento Campos, José Antonio   |          |       |              |
| Correo-e           | mdoval@uvigo.es  |          |       |              |
| Web                | <a href="http://http://mpe.uvigo.es/">http://http://mpe.uvigo.es/</a>  |          |       |              |
| Descrición xeral   | <p>O Máster de Educación Secundaria obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas da Universidade de Vigo é de tipo profesionalizante e ten carácter oficial. Por tanto este máster, como os da súa clase, desembocará na adquisición dun título universitario da área de Educación. A formación neste máster está orientada a capacitar aos licenciados, arquitectos, inxeneiros e graduados en áreas específicas (xeografía e histórica, tecnoloxía e informática, etc.) para desenvolver o labor como profesores/as de secundaria.</p> <p>O seu contido curricular no plano de estudos agrúpase ao redor de tres módulos (común, específico e prácticum), cun total de 60 créditos anuais. A materia de Deseño Curricular e Organización de Centros Educativos forma parte do módulo común, ten carácter obrigatorio e conta con 4,5 créditos ECTS.</p> |          |       |              |

**Competencias**

|        |   |
|--------|---|
| Código |   |
| CG1    | Coñecer os contidos curriculares das materias relativas á especialización docente correspondente.   |
| CG2    | Coñecer o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procesos de ensino e aprendizaxe respectivos.   |
| CG3    | Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias dos respectivos ensinos, atendendo ao nivel e formación previa dos estudantes, así como á orientación dos mesmos, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro. |
| CG4    | Buscar, obter, procesar e comunicar información (oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia), transformala en coñecemento e aplicala aos procesos de ensino e aprendizaxe nas materias propias da especialización cursada.   |
| CG5    | Contextualizar o currículo que se vaia a implantar nun centro docente participando na planificación colectiva do mesmo.   |
| CG6    | Deseñar e desenvolver metodoloxías didácticas tanto grupais como personalizadas, adaptadas á diversidade dos estudantes.  |
| CG7    | Deseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe, con especial atención á equidade, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, a formación cidadá e o respecto aos dereitos humanos que faciliten a vida en sociedade, a toma de decisións e a construción dun futuro sustentable.   |
| CG10   | Deseñar e realizar actividades formais e non formais que contribúan a facer do centro un lugar de participación e cultura na contorna no que está situado.  |
| CG16   | Traballar en equipo con outros profesionais da educación, enriquecendo a súa formación.   |
| CG17   | Desenvolver hábitos e actitudes para aprender a aprender ao longo do seu posterior desenvolvemento profesional.   |
| CG18   | Aplicar os coñecementos adquiridos e a capacidade de resolución de problemas a contornas educativas novas ou pouco coñecidas.   |

|      |   |
|------|---|
| CE4  | Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes.  |
| CE9  | Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia. |
| CE13 | Coñecer e aplicar recursos e estratexias de educación no respecto e valor da diversidade lingüística e as súas implicacións educativas.   |
| CE17 | Coñecer contextos e situacións en que se usan ou aplican os diversos contidos curriculares  |
| CE18 | Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe das materias correspondentes.   |
| CE19 | Transformar os currículos en programas de actividades e de traballo.  |
| CE20 | Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.  |
| CE22 | Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino-aprendizaxe.   |
| CE23 | Coñecer estratexias e procedementos de avaliación e entender a avaliación como un procedemento de regulación da aprendizaxe e estímulo ao esforzo.  |
| CE27 | Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación e avaliación educativas e ser capaz de deseñar e desenvolver proxectos de investigación, innovación e avaliación.                          |
| CE31 | Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación a partir da reflexión sobre a práctica.  |
| CT1  | Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.  |
| CT2  | Xestionar de forma óptima o tempo de traballo e organizar os recursos dispoñibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións.                         |
| CT3  | Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarias  |

### Resultados de aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe   | Competencias  |
|---|---|
| Ser capaz de promover o traballo en grupo do alumnado e compañeiros.  | CG16<br>CE9<br>CT3  |
| Deseñar e desenvolver proxectos educativos e unidades de programación que permitan adaptar o curriculum oficial ao contexto sociocultural | CG2<br>CG3<br>CG4<br>CG5<br>CG7<br>CG18<br>CE4<br>CE13<br>CE19<br>CE27<br>CT1<br>CT2<br>CT3                         |
| Crear deseños curriculares segundo diferentes modelos, proxectando en cada caso a toma de decisións dunha forma auto-reflexiva e crítica. | CG3<br>CG5<br>CG6<br>CG7<br>CG10<br>CE4<br>CE9<br>CE13<br>CE17<br>CE22<br>CE23<br>CE27<br>CE31<br>CT1<br>CT2<br>CT3 |

|   |   |
|---|---|
| Programar e implementar procesos de avaliación: coñecemento e habilidade da implementación de procesos evaluativos.                                 | CG1<br>CG3<br>CG4<br>CG16<br>CG17<br>CE4<br>CE9<br>CE18<br>CE31<br>CT1<br>CT2<br>CT3          |
| Utilizar diferentes metodoloxías en función do proceso de E-A adecuando as súas características en funcións dos diferentes contextos ou situacións. | CG1<br>CG2<br>CG4<br>CG6<br>CG10<br>CG17<br>CE13<br>CE19<br>CE27<br>CE31<br>CT1<br>CT2<br>CT3 |
| Construir, seleccionar e avaliar materiais didácticos adecuando estes ao saber facer do alumnado  | CG1<br>CG2<br>CG7<br>CE13<br>CE19<br>CE20<br>CT1<br>CT2<br>CT3                                |
| Dominar as diferentes técnicas e tipos de avaliación e responsabilizarse cos procesos avaliativos.  | CG2<br>CG3<br>CG4<br>CG10<br>CG18<br>CE4<br>CE27<br>CE31<br>CT1<br>CT2<br>CT3                 |

## Contidos

|  |   |
|--|---|
| Tema   |   |
| Bases conceptuais do ámbito da didáctica:                  | Modelos de ensinanza e de currículo<br>Modelos de liderazgo en educación e traballo en equipo   |
| Estrutura curricular e organizativa:                       | Lexislación educativa: Decretos do curriculum.<br>Organización académica e administrativa, e dirección.   |
| Compoñentes didácticos e organizativos (deseño didáctico): | obxectivos, competencias, contidos, actividades, metodoloxía, principios e estratexias, recursos didácticos, organización da aula, avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe, etc. |

## Planificación

|  | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|--|---------------|--------------------|--------------|
| Lección maxistral                                | 8             | 25                 | 33           |
| Traballo tutelado                                | 7             | 25                 | 32           |
| Aprendizaxe baseado en proxectos                 | 5             | 20                 | 25           |
| Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar) | 0             | 10.5               | 10.5         |
| Traballo tutelado                                | 2             | 10                 | 12           |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

|  | Descrición  |
|--|---|
| Lección maxistral                                | Exposición oral da docente apoiada en recursos didácticos, particularmente en medios audiovisuais e TIC, así coma en diferentes estratexias dirixidas a captar a atención do alumnado e a motivalo. |
| Traballo tutelado                                | Realización de actividades na aula baixo as directrices do profesor/a. O seu desenvolvemento estará vinculado con actividades autónomas do estudante.   |
| Aprendizaxe baseado en proxectos                 | Desenvolvemento de diferentes actividades a partir da integración de prácticas con TIC, microdeseños, análises de situación/problemas ou casos, etc.  |
| Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar) | Desenvolvemento de diferentes actividades autónomas apoiándose en medios dixitais.  |
| Traballo tutelado                                | Traballos e proxectos realiizados fora do horario de clase baixo as directrices da profesora.   |

### Atención personalizada

| Metodoloxías                     | Descrición  |
|----------------------------------|---|
| Traballo tutelado                | O profesorado ofrecerá apoio e motivación ao alumnado para a realización das actividades de aula, orientarao e resolveralle dúbidas.  |
| Aprendizaxe baseado en proxectos | O profesorado para o desenvolvemento de diferentes actividades a partir da integración de prácticas con TIC, microdeseños, análise de situación/problemas ou casos, etc. facilitará ao alumnado, tanto de forma presencial coma virtual (principalmente a través de email, de Fatic ou doutras plataformas da nube), apoio puntual e controlado para prociar progresivamente a súa capacidade de autonomía.   |
| Traballo tutelado                | Atenderanse as demandas puntuais que presente o alumnado de forma personalizada ou grupal. Ofreceranse as directrices e supervisión oportuna para o desenvolvemento da aprendizaxe, vinculando coa actividade autónoma do estudante. Esta atención personalizada ó alumnado tamen se realizará a través de: -Titorización presencial: No despacho do profesorado ou por teléfono en horario de titorías. - Titorizacións vía correo electrónico: para atender a incertidume e dúbidas urxentes sobre a realización dos traballos, actividades, exames, etc. - Teleformación coa plataforma Fatic: para comunicados/avisos, entrega de documentos/materiais, envío de actividades/exercicios, etc. |

### Avaliación

|                                  | Descrición  | Cualificación | Competencias Avaliadas                          |   |                   |
|----------------------------------|---|---------------|---|---|-------------------|
| Traballo tutelado                | Valoraranse a implicación e adecuación de actividades relacionadas coa parte teórica e práctica da materia desenvoltas polo alumno/a na aula.   | 20            | CG1<br>CG2<br>CG7<br>CG16<br>CG17               | CE13<br>CE17<br>CE27                        | CT3               |
| Aprendizaxe baseado en proxectos | Valorase o desenvolvemento de competencias a partir da integración de diversas estratexias de aprendizaxe con microdeseños, análises de situación/problemas ou casos, recursos dixitais, etc.   | 30            | CG3<br>CG4<br>CG5<br>CG6<br>CG10                | CE4<br>CE13<br>CE17<br>CE22<br>CE27<br>CE31 | CT2               |
| Traballo tutelado                | e traballos por proxectos. Este tipo de traballos poderán ser supervisados ó longo da súa realización a partir das consignas dadas pola/o docente. Valorase a calidade dos traballos e/ou proxectos realizados de xeito individual ou en pequeno grupo. | 50            | CG3<br>CG4<br>CG5<br>CG6<br>CG7<br>CG10<br>CG18 | CE4<br>CE9<br>CE19<br>CE20<br>CE22<br>CE31  | CT1<br>CT2<br>CT3 |

### Outros comentarios sobre a Avaliación

- Este mestrado ten a modalidade de ensino presencial, polo tanto a asistencia a clase e a realización do traballo para a avaliación continua é obrigatoria. Esta asistencia debe ser, a lo menos, do 80 % estando admitido faltar ó 20 % da presencialidade.

- Os prazos das entregas das actividades, traballos, etc. serán comunicados polo profesorado na clase e/ou en Fatic eâ tamén é necesario cumprilos para ser cualificados na avaliación continua.

